



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O
INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E A ESCOLA GALEGA DE
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE
FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN**

(1) Antecedentes: Necesidade e oportunidade do convenio

Primeiro. A Escola Galega de Administración Pública (en diante EGAP) - pertencente á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza- é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins e que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos seus obxectivos, segundo o artigo 3.1 h) da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, o establecemento de convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das Administracións Públicas, a nivel estatal e internacional.

Segundo. O Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante IGVS) é un organismo autónomo adscrito á Consellería de Infraestruturas e Vivenda encargado de realizar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, debendo promover, conforme ao artigo 5 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, a adecuada execución da edificación e a calidade da construción, podendo asinar, para o cumprimento destes fins, convenios con entes públicos ou privados.

(2) Obxecto

O convenio tivo por obxecto a participación do persoal dependente do IGVS nas actividades da EGAP, así como a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias da competencia das institucións asinantes do mesmo; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativas de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de ambas dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

(3) Finalidade

O instrumento convencional que se asinou tiña por obxecto a realización das seguintes actuacións:

A) A participación nas actividades da EGAP do persoal dependente do IGVS, que fixeron a selección do referido persoal para cada actividade concreta, de conformidade co disposto na Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG nº 7 de 10 de xaneiro de 2008); selección que comunicaron á EGAP

B) A realización conxunta de cursos, xornadas, seminarios e outras actividades de divulgación.

C) A edición conxunta de libros, outras publicacións e documentos de traballo. Ambas as dúas institucións comprometéronse a remitir un exemplar das súas publicacións periódicas á Biblioteca da outra, para a súa difusión.





D) A promoción da actividade investigadora de ambas as dúas institucións mediante proxectos de investigación conxuntos.

E) Cantas outras actividades foron consideradas de interese común, dentro da competencia e dispoñibilidade das partes, en relación á actividade obxecto do convenio.

(4) Impacto económico

A sinatura do convenio non implicou, por parte da EGAP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galicia para o ano 2016.

(5) Carácter non contractual

As actividades que se desenvolveron ao abeiro do convenio non tiveron carácter contractual.

(6) Vixencia

Para os efectos sinalados, formalizouse co IGVS o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura por todas as partes o 1 de xuño ata o 31 de decembro do 2016.

Polo exposto, considerouse xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle foran de aplicación os principios desta norma para resolver as dúbidas e lagoas que se puideran presentar.

En Santiago de Compostela, a 9 de febreiro do 2018
O secretario xeral da EGAP,

Asdo. Sergio Domingo Baamonde Boquete

